

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se aproba a relación de postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil, fase III.

A Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, establece a través da disposición adicional primeira, número 2, que os postos de traballo das oficinas do Rexistro Civil só poderán ser cubertos por persoal da Administración de xustiza e que se ordenarán de acordo co establecido nas correspondentes relacións de postos de traballo. Así mesmo, o número 3 da dita disposición adicional engade que, mediante o procedemento previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (en diante, Lei orgánica do poder xudicial), para a ordenación e integración das unidades que conforman as oficinas xudiciais determinaranse as correspondentes relacións de postos de traballo e as dotacións do persoal da Administración de xustiza necesario para as oficinas do Rexistro Civil. As relacións de postos de traballo poderán dispoñer a compatibilidade con funcións en oficina xudicial nos casos en que así se prevexa regulamentariamente.

Pola súa banda, a disposición transitoria oitava da Lei 20/2011, do 21 de xullo, determina no seu número 4 que, mentres non se implanten as estruturas e as relacións de postos de traballo oportunas no ámbito do Rexistro Civil, se manterán os actuais centros de destino segundo o previsto na Lei orgánica do poder xudicial. As novas oficinas do Rexistro Civil que se implanten consonte a dita lei consideraranse centro de destino para o persoal funcionario da Administración de xustiza.

Tanto a elaboración das relacións de postos de traballo coma os procesos de reorganización do persoal funcionario que se acometan para a creación de oficinas do Rexistro Civil rexeranse polas normas sobre implantación da oficina xudicial contidas na Lei orgánica do poder xudicial, así como na normativa de desenvolvemento.

Por outra parte, o artigo 521.2 da Lei orgánica do poder xudicial prescribe que as relacións de postos de traballo conterán a dotación de todos os postos de traballo das distintas unidades ou oficinas e indicarán a súa denominación, localización, os requisitos exixidos para o seu desempeño, o complemento xeral do posto e o complemento específico. O punto 3.A) do devandito precepto entende por centro de destino, entre outros, cada unha das oficinas xerais do Rexistro Civil, sen prexuízo do réxime de compatibili-



dade de determinados postos cos da oficina xudicial do mesmo partido xudicial cando así se determine.

O artigo 522.2 da Lei orgánica do poder xudicial puntualiza que as comunidades autónomas con competencias asumidas, logo de negociación coas organizacións sindicais, elaborarán e aprobarán, mediante resolución da persoa titular do centro directivo que teña atribuída esta competencia, as relacións de postos de traballo en que se ordenen os postos de traballo das oficinas e unidades previstas no artigo 520.1 correspondentes ao seu respectivo ámbito de actuación, e que antes da súa aprobación deberán comunicarlhas ao Ministerio de Xustiza.

Neste sentido, coa finalidade de suprimir duplicidades e para a consecución dunha mellor eficiencia na implantación das oficinas xerais do Rexistro Civil, a Conferencia Sectorial da Administración de Xustiza extraordinaria do día 21 de decembro de 2022 validou o modelo de referencia das relacións de postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil, e estableceu a simultaneidade na aprobación e aplicación das relacións de postos de traballo da oficina xeral do Rexistro Civil e mais da oficina xudicial do partido xudicial. Deste xeito, tendo en conta que a dotación das oficinas xerais do Rexistro Civil se toma dos órganos ou oficinas xudiciais que actualmente teñen funcións de rexistro civil, considérase conveniente que a definición e os procesos de aprobación, acoplamento, aplicación e entrada en vigor das relacións de postos de traballo de ambas as dúas estruturas organizativas (Oficina Xeral do Rexistro Civil e mais Oficina Xudicial) para un mesmo partido xudicial coincidan no tempo.

Así, dado que os tribunais de instancia da terceira fase serán o resultado da transformación das actuais unidades xudiciais dos partidos xudiciais da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e que a súa constitución terá lugar o día 31 de decembro de 2025 (disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza), é necesario compasar os avances no desenvolvemento das oficinas xerais do Rexistro Civil destes mesmos partidos xudiciais correspondentes a esta terceira fase.

En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, operada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 novembro, o persoal funcionario dos corpos de medicina forense, de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e mais de auxilio xudicial de-

CVE-DOG: yrx6hay4-jyv1-2ze0-lef8-kjohwt1zh4e6



pende organicamente da Comunidade Autónoma, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Polo exposto, de conformidade co establecido no artigo 522.2 da Lei orgánica do poder xudicial, e no exercicio das competencias atribuídas polo Decreto 438/1996, do 20 de decembro, de asunción e atribución a este departamento das devanditas competencias, así como polo Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, logo de negociación sindical e logo da comunicación ao Ministerio de Xustiza,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Aprobación da relación de postos de traballo*

Apróbanse as relacións de postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil dos partidos xudiciais correspondentes á fase III que figuran no anexo da presente resolución.

Artigo 2. *Procesos de reorganización*

Os procesos de reorganización derivados da entrada en funcionamento das oficinas xerais do Rexistro Civil realizaranse consonte o disposto na disposición transitoria primeira do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

Artigo 3. *Entrada en funcionamento*

As oficinas xerais do Rexistro Civil da fase III entrarán en funcionamento o 31 de decembro de 2025.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2025

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: yrx6hay4-jyv1-2ze0-lef8-kjohwt1zh4e6





ANEXO
Relacións de postos de traballo das oficinas xerais do Rexistro Civil, fase III

Provincia: A Coruña.

Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: A Coruña									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000150306001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150306002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150306003.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150306004.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150306005.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150307001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307004.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307005.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307006.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307007.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307008.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307009.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150307010.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150308001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial
XG92581000150308002.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial





Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: Santiago de Compostela									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000150786001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150786002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150787001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150787002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150787003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150788001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial

Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: Ferrol									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000150366001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150366002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000150367001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150367002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150367003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000150368001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial

Provincia: Lugo.

Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: Lugo									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000270286001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000270286002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000270287001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial





Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
XG92581000270287002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000270287003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000270288001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial

Provincia: Ourense.

Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: Ourense									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000320546001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000320546002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000320547001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000320547002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000320547003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000320548001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial

Provincia: Pontevedra.

Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: Pontevedra									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000360386001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360386002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360387001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360387002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360387003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360388001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial





Código do posto	Denominación	CXP	CE	Tipo de posto	Corpo	Forma de provisión	Requisitos	Méritos	Observacións
Localidade: Vigo									
Centro de destino: Oficina Xeral do Rexistro Civil									
XG92581000360576001.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360576002.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360576003.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360576004.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360576005.00	Xestión-Rexistro Civil	4.219,80	8.335,68	Xenérico	CXPA	CT			Horario especial
XG92581000360577001.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577002.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577003.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577004.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577005.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577006.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577007.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577008.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577009.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360577010.00	Tramitación-Rexistro Civil	3.587,52	7.928,64	Xenérico	CTPA	CT			Horario especial
XG92581000360578001.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial
XG92581000360578002.00	Auxilio-Rexistro Civil	2.695,68	7.859,04	Xenérico	CAX	CT			Horario especial

CXP: complemento xeral do posto.
CE: complemento específico.

Código-Corpo
CXPA: corpo de xestión procesual e administrativa.
CTPA: corpo de tramitación procesual e administrativa.
CAX: corpo de auxilio xudicial.

Código-Descrición das formas de provisión
CT: concurso.